

EXPEDIENTE: 2026/S012/000002

ASUNTO: ESCOLA DE VERÁN 2026 (BASES DE PARTICIPACIÓN)

TRÁMITE: PUBLICACIÓN BASES TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Na Xunta de Goberno Local de data 25/03/2026 aprobáronse as bases de funcionamento do servizo da Escola de Verán 2026, que a continuación se transcriben:

BASES DA ESCOLA DE VERÁN 2026 CONCELLO DE DODRO

Artigo 1.- A ESCOLA DE VERÁN é unha proposta educativa e de ocio para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral fomentando a educación en valores como a igualdade, tolerancia e respecto, sen esquecerse da parte lúdica, e que lles vai axudar ás/aos menores á creación da súa propia identidade e no seu desenvolvemento persoal. Pretende ser unha alternativa que, ademais de ocupar o tempo de lecer dun xeito divertido, educativo e igualitario para os nenos e nenas, permita ás nais e pais conciliar a vida laboral e familiar e facilite a corresponsabilidade das familias de Dodro.

Artigo 2.- O servizo está dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos (cumpridos a data de inicio da actividade), tendo carácter preferente aqueles que estean EMPADROADOS no Concello de Dodro. No caso de existir prazas libres, poderán asistir aqueles que teñan avós empadroados ou residentes en Dodro, ou aqueles que teñan o pai ou nai traballando en Dodro. Este requisito debe cumprirse a data de inicio das inscricións.

Artigo 3. - PERSOAS USUARIAS: Aquelas que se inscriban neste servizo por tramos de tempo continuado: quincena ou mes/es.

Artigo 4.- O servizo desenvolverase dos meses de xuño a setembro (período vacacional), nas instalacións do C.P.I. Eusebio Lorenzo Baleirón, de luns a venres, agás festivos.

Artigo 5.- O HORARIO DO SERVIZO é de 9:00 a 14:00 horas. Este horario poderá ser ampliado ocasionalmente en excursións ou saídas programadas e será comunicado con suficiente antelación aos pais, nais ou titores.

Artigo 6.- O NÚMERO DE PRAZAS que se oferta é 220 prazas, distribuídas da seguinte maneira:

Días	xuño	Días	xullo	Días	agosto	Días	setembro
		1-15	60 prazas	3-14	30 prazas	1-4	20 prazas
22-30	20 prazas	16-31	60 prazas	17-31	30 prazas		

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas, realizarase unha selección entre os nenos e nenas inscritos. Reservarase un 5% das prazas para casos de emerxencia social.

Artigo 7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN: fananse en base da situación de ocupación e familiar que se puntuará como se indica no Anexo I destas bases. O criterio económico servirá de desempate no caso que sexa necesario. No caso de persistir o empate, adxudicaranse as prazas seguindo a orde de inscrición.

A Comisión de selección estará composta por:

-Traballadora social da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais (ou empregada/o municipal que a substitúa).

-Traballadora social da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais (ou empregada/o municipal que a substitúa).

-Auxiliar administrativa da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais (ou empregada/o municipal que a substitúa), actuando como secretaria/o.

Artigo 8.- FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE. A inscrición realizarase cubrindo o impreso ficha de inscrición e aportando a documentación que se require no Anexo II.

No caso de que exista máis demanda que número de prazas dispoñibles establecerase o seguinte procedemento:

1º) Prazo de inscrición abarca do **27 de abril ao 8 de maio ás 14.00h** no Rexistro Xeral, na sede electrónica do Concello de Dodro ou en calquera medio estipulado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, mediante o impreso de solicitude debidamente cumprimentado.

2º) Publicación da listaxe provisional de solicitudes admitidas o **12 de maio**, especificando a documentación pendente en cada caso, e estableceranse **3 días hábiles** para presentar as alegacións pertinentes e/ou proceder á emenda da documentación presentada na solicitude.

3º) Unha vez finalizado o prazo de subsanación, procédese á baremación das solicitudes coa documentación que conste en cada expediente, e publicarase o **20 de maio** a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, abrindo un prazo de **3 días hábiles** para presentar as alegacións oportunas.

4º) Publicación da listaxe definitiva o **28 de maio**, de persoas admitidas e excluídas.

Documentación a presentar:

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado coas autorizacións de consulta pertinentes.
- Certificado médico do neno/a (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida)
- IRPF de ambos proxenitores ou titores/as legais do ano **2024** ou no seu defecto certificación negativa de Facenda.
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores/as ou titores/as legais (vida laboral actual, recibo de autónomos actual, nómina actual ou certificado de empresa) ou declaración responsable.
- Documentación acreditativa de outras situacións familiares (familia numerosa, familia monoparental, certificado de discapacidade, sentenza xudicial...)

Artigo 9.- LISTAXE DE AGARDA. No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda cas solicitudes excluídas, que seguirá a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección dos/as admitidos/as.

Os menores en espera irán entrando no servizo seguindo estritamente a orde na que figuren na lista correspondente e en función das baixas que se produzan na actividade.

Artigo 10.- SOLICITUDES FÓRA DO PRAZO DE INSCRICIÓN. Aquelas solicitudes rexistradas fóra do prazo de inscrición serán incorporadas ao final da lista de agarda por rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral do concello, no caso de que se cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.

Artigo 11.- CUSTO DA ACTIVIDADE: A actividade é gratuíta para as persoas participantes, asumindo o Concello o gasto, tendo solicitada a subvención da consellería de Política Social con código de procedemento SI436A.

Artigo 12.- DEREITO DE ADMISIÓN: O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva das/os nenas/os que se comporten de forma incorrecta ou que as/os súas/seus proxenitoras/es ou titoras/es non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento dos dereitos da/o menor. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia ás nais, aos pais ou titoras/es das/os menores.

É condición indispensable para poder optar a praza na Escola de Verán a colaboración das persoas solicitantes nos diversos procesos de recollida de documentación e na verificación dos datos (segundo as bases reguladoras de subvención da consellería de Política Social).

Artigo 13.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS: O servizo dará comezo ás 9:00h e finalizarán ás 14:00h, polo que a responsabilidade do control e coidado das/os participantes por parte do monitoraxe responsable, comprenderá exclusivamente esa franxa horaria.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitara facer a incorporación ou saída da actividade fóra do horario establecido, deberá avisar previamente á persoa responsable da mesma,

que será quen se encargue de levar a cabo dita labor da maneira menos prexudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

No caso de que exista lista de agarda, establécese como criterio de expulsión da actividade que existan máis de 3 faltas sin xustificar, co obxectivo de aproveitar o recurso o mellor posible.

A inscrición no programa conleva a aceptación e o compromiso destas normas.

ANEXO I.- BAREMO

1. SITUACIÓN DE OCUPACIÓN E FAMILIAR

Situación de ocupación dos membros parentais:	
Pai	4 puntos
Nai	4 puntos
No caso de familias monoparentais a puntuación asimíllase a formada por dous membros:	
Pola condición de familia monoparental	3 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Polo certificado de discapacidade de calquera dos membros	1 punto
Por pertenza a un colectivo de exclusión social	1 punto

2. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Ingresos netos da unidade familiar dividido entre o nº de membros que a compoñen. RPC mensual referida ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples vixente:

IPREM MENSUAL ANO 2025: 600€	
Inferior ó 50% do IPREM : 300€	+ 3 pto.
Entre o 50% e o 75% do IPREM : 300€-450€	+ 2 pto.
Superior ó 75% e inferior ó 100% do IPREM : 450€.-600€	+ 1 pto.
Entre o 100% e o 150% do IPREM : 600-900€	- 1 pto.
Superior ó 150% do IPREM : 900€	- 2 pto.

Membros computables da unidade familiar.

- Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:
 - os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, a persoa que exerza a tutela sobre a/o menor
 - as/os fillas/os menores de idade con excepción das/os emancipadas/os
 - as/os fillas/os maiores de idade con discapacidade ou incapacitadas/os xudicialmente suxeitas/os á patria potestade prorrogada ou rehabilitada
 - as/os fillas/os solteiras/os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar
 - a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida
 - a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora da/o menor
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior
- Non terá a consideración de membro computable:
 - A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida
 - A persoa agresora nos casos de violencia de xénero

ANEXO II

INSCRIPCIÓN NA ESCOLA DE VERÁN 2026

SOLICITANTE (nai, pai ou titor/a legal)	NOME E APELIDOS		
DNI		TELÉFONO	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO			
Nº de membros da unidade familiar:		Nº de menores para os/as que solicita braza	

BENEFICIARIOS/AS

NOME E APELIDOS	DNI+ Data de nacemento	DISCAPACIDADE, INTOLERANCIA ALIMENTARIA, ALERXIAS...OUTROS
1-		
2-		
3-		

SITUACIÓN FAMILIAR

OCUPACIÓN FAMILIAR (1 MEMBRO) <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	OCUPACIÓN FAMILIAR (2 MEMBROS) <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
FAMILIA MONOPARENTAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	FAMILIA NUMEROSA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
FAMILIA EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

PARTICIPACIÓN NAS SEGUINTE QUENDAS:

22 -30 XUÑO	1 -15 XULLO	16 -31 XULLO	3 -14 AGOSTO	17 -31 AGOSTO	1 -4 SETEMBRO

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN:

<p>1. Fotocopia cotexada da última declaración do IRPF 2024 dos/as pais/nais ou titores, ou no seu defecto certificación negativa de Facenda.</p> <p>2. Outra documentación (sentencia, certificado laboral, acollemento...)</p> <p>Nota: Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de selección. A omisión, falsidade dos datos ou dos documentos achegados serán causa de anulación.</p>	
<p>AUTORIZACIÓN COMPROBACIÓN DE DATOS</p> <p>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta pola administración (persoal do Concello de Dodro). En caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos.</p>	<p>OPÓÑOME Á CONSULTA</p> <p><input type="checkbox"/> DNI</p> <p><input type="checkbox"/> Demandante de emprego</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado de empadramento colectivo</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado de familia numerosa</p>

Dodro ____ de _____ de 2026

SINATURA SOLICITANTE:

SINATURA AUTORIZACIÓN COMPROBACIÓN DATOS OUTRO PROXENITOR/A:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO

AUTORIZACIÓN

PARA MARCHAR CON OUTRA PERSOA SI NON

No caso afirmativo indentificar á/s persoa/s autorizadas:

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Dodro, LUGAR DE TALLÓS Nº 32, 15981 - DODRO (A CORUÑA); info@dodro.gal

Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE DODRO	Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en info@dodro.gal
--	--

Finalidade do tratamento	Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade "ESCOLA DE VERÁN", así como a xestión administrativa derivada da mesma.
--------------------------	---

USO DE MATERIAL FOTOGRÁFICO/AUDIOVISUAL	Gustaríanos que nos autorizase para utilizar as súas fotografías e material audiovisual nas redes sociais, web do Concello (www.dodro.gal), así como nas exposicións físicas que se fagan por parte do Concello. Por favor, risque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos:
--	--

<input type="checkbox"/>	Si dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
--------------------------	---

<input type="checkbox"/>	Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas fotografías a través das redes sociais, web e exposicións físicas para participar na presente programación
--------------------------	--

Prazo de conservación	Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescrición de posibles acción de responsabilidade derivadas do tratamento.
-----------------------	---

Lexitimación	Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.
--------------	--

Destinatarios de cesións	Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de función directamente relacionadas cos fins lexítimos do negociado de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades: <ul style="list-style-type: none"> • Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociación, ONG´s...) colaboradoras do CONCELLO DE DODRO directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste Concello. • Empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo o servizo para o que se lle contratou. • Concellos distintos do CONCELLO DE DODRO, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local. • Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral aos usuarios/as. • Órganos xurisdicionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.
--------------------------	--

Dereitos	Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE DODRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalación ou por correo electrónico en info@dodro.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: Sede electrónica: www.aepd.es
----------	---

Correo postal: C/ Jorge Juan6, 28001 - Madrid - Teléfono: 901100099-9126635 17